



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 21 de xuño de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións, de data 14 de xuño, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polas Concellerías de Educación e Recursos Humanos, mediante providencia conxunta, asinada o 13 de xuño, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 10-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.22700	Contrato de limpeza centros escolares e outros	153.000,00 €
Total Transf. Positivas:		153.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.3200.12003	Soldos grupo C1 Educación. Ret. básicas	9.000,00 €
N230.3200.12100	Complemento de destino. Educación. Ret. comp.	23.000,00 €
N230.3200.12101	Complemento específico. Educación. Ret. comp.	54.000,00 €
N230.3200.13100	Persoal laboral temporal Educación	23.000,00 €
N230.3200.16000	Cuota patronal Seg. Social Educación	44.000,00 €
Total Transf. Negativas:		153.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mándao e asíno o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

A copia en soporte papel do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Pode descargar o documento electrónico accedendo a páxina <https://sede.oureense.gob.es> e introducindo no apartado 'Validación do CSV' o código CSV.
CÓDIGO CSV: Y114J4ITLWFSIBB